

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Expte:** 621/2023

**Asunto:** Ampliación horarios

**Procedemento:** horarios de peche hostalaría durante Nadal 2023

#### Antecedentes :

**Primeiro.-** O Concello pretende dar resposta as demandas da veciñanza en aplicación do disposto no artigo 17 da Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, en relación coa ORDE de 23 de outubro de 2020 pola que se determina horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

#### Lexislación aplicable :

- o Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- o Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas.
- o Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- o Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia en relación coa Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

#### **Consideracións:**

O artigo 5 da Lei 10/2017, de 27 de decembro, sinala que “*corresponde aos Concellos (...) f) Autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, en atención aos criterios, supostos e circunstancias que, no seu caso, figuran na orde de horarios prevista no artigo 17*”, e, concretamente os seguintes:

##### *III.2.5. Establecementos de restauración:*

*III.2.5.1. Restaurantes: 2.00 horas.*

*III.2.5.1.1. Salóns de banquetes. 3.30 horas.*

*III.2.5.2 Cafeterías. 2.30 horas.*

*III.2.5.3. Bares. 2.30 horas.*

##### *III.2.7. Establecementos de ocio e esparcemento.*

*III.2.7.1. Salas de festas: 6:00 horas*

*III.2.7.2. Discotecas: 6:00 horas*

*III.2.7.3. Pubs. 4,00 horas.*

*III.2.7.4. Cafés – espectáculo. 4.30 horas.*

*III.2.7.5. Furanchos 2,00 horas.*

O **artigo 17 da Lei 10/2017, de 27 de decembro** sinala que “1. Mediante orde da persoa titular da Consellería competente na materia, e previo informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, determinarase o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas; 2. A Orde que determine os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos ou actividades recreativas poderá



## Concello de Ortigueira

establecer os criterios, supostos e circunstancias que permitan aos Concellos autorizar, de forma motivada, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral”.

O **artigo 5 da orde de 23 de outubro de 2020**, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas sinala o horario xeral de peche dos establecementos abertos ao público e o horario xeral de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas; e que o **artigo 7 do mesmo corpo legal**, baixo a rúbrica, ampliación de horario máximo, dispón que “o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización de espectáculos públicos e das actividades recreativas aos que se refire esta orde, ampliarase con carácter xeral: media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos”; e que o **artigo 9 da citada Orde** sinala que “ao amparo do disposto no artigo 5f) da lei 10/2017, de 27 de decembro, os Concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas do mesmo os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas, verbenas populares, do Carnaval, da Semana Santa e do **Nadal**, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica (...) 3. A efectos desta orde, entenderase por (...) por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro; 4. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en dúas horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas”.

Consecuentemente no uso das atribucións que me están conferidas

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Ampliar, **con motivo do Nadal 2023** para todo o termo municipal do Concello de Ortigueira, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público clasificados no artigo 5, apartados III.2.5. *Establecementos de restauración* e III.2.7. *Establecementos de ocio e esparcemento, en todas as súas modalidades*, da Orde de 23 de outubro de 2020, nos seguintes termos:

- Dúas horas os días 23,24,25, 29,30,31 de decembro de 2023 (noite do 23 á madrugada do 24 : noite do 24 á madrugada do 25, noite do 25 á madrugada do 26, noite do 29 a madrugada do 30, noite do 30 a madrugada do 31 e noite do 31 de decembro de 2023 a madrugada do 1 de xaneiro de 2024)
- Dúas horas os días 5 e 6 de xaneiro de 2024 (noite do día 5 á madrugada do día 6 e noite do día 6 a madrugada do día 7)

**Segundo.-** Lembrase a todos os responsables das diferentes actividades que nestas datas o igual que no resto do ano, teñen a obriga de cingirse a licenza de actividade ou declaración responsable formulada ante o Concello, absténdose de realizar aquelas actividades que non contan con licenza específica para dito exercicio. Así mesmo lembrar a obriga de respectar os aforos por seguridade.

**Terceiro.-** Dar publicidade deste acordo con anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal así como na páxina web deste Concello e comunicarllo á Policía Local.

En Ortigueira, na data indicada na marxe

O Alcalde





## Concello de Ortigueira

---

José Valentín Calvín Fondevila

### Dilixencia da Secretaría Xeral

Para facer constar que, para os efectos do disposto no artigo 3.2.e) do polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas; esta resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste concello na data da miña sinatura.

O secretario xeral  
Javier Lopez Mera

